

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA PARA O MANTENIMENTO DUNHA OFICINA DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO E ATENCIÓN DE NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN CARACAS, VENEZUELA

En Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Jesús Alberto Bello Couselo, presidente da Hermandad Gallega de Venezuela, segundo consta na acta de eleccións da entidade do 27 de xuño de 2025, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Segundo.- O artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Terceiro.- De acordo co citado Decreto 147/2024, do 20 de maio, a Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes á mellora da calidade de vida das persoas galegas residentes fóra de Galicia que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior, polo que procura contribuír á conservación, fomento e promoción do seu patrimonio.

Cuarto.- En Venezuela residen máis de 30.000 persoas de orixe galega segundo os últimos datos do padrón de españois de residentes no estranxeiro. A situación social, política e económica pola que está atravesando o país repercute negativamente no conxunto da sociedade e, en consecuencia, nas persoas galegas que alí viven, que



están abocadas a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

Quinto.- A Hermandad Gallega de Venezuela é a entidade galega de referencia no país caribeño, que agrupa actualmente a máis de vinte e tres mil socias e socios emigrantes galegos e a súa descendencia, colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e das actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración coa que está colaborando activamente.

Por un lado, ao abeiro do convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Hermandad Gallega de Venezuela, o 3 de abril de 2007, creouse unha oficina de información e asesoramento, a través da que se está a desenvolver unha labor de difusión, asesoramento, información e colaboración na xestión das solicitudes dos programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración, cun incremento moi importante da actividade debido á situación que está vivindo o país.


Por outra banda está a desenvolver unha importante política social, asistencial e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega, tendo en conta que un gran número de persoas deste colectivo non dispón da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades. A propia entidade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica.

Sexto. É interese de ambas as partes manter e reforzar a súa colaboración, por unha banda, na prestación dos servizos de información, asesoramento e xestión que esta oficina facilita a todas as persoas integrantes da comunidade galega residente en Venezuela en todos os programas e as actividades que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración, exercendo ao mesmo tempo un labor de coordinación cas distintas oficinas de información establecidos ao longo de todo o país; por outra banda, no mantemento do labor social, asistencial e sanitario orientado ás persoas residentes galegas que se atopan en situación de necesidade.

Sétimo. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular, que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, de acordo co disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica no obxectivo de difundir, promover e colaborar na xestión de todas as accións e programas destinados á colectividade galega asentada en Caracas, Venezuela, así como na potenciación do carácter humanitario do labor desenvolvido coas persoas emigrantes galegas máis necesitadas.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan este convenio de colaboración, que recolle as seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración as entidades asinantes para o mantemento dunha oficina de información e asesoramento social e, colaborar na difusión e xestión dos programas e actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente os de carácter socio-asistencial e contribuír á atención do colectivo galego de emigrantes residentes en Caracas ou na súa área xeográfica que se atopen en situación de necesidade.

Segunda.- Persoas beneficiarias

A oficina de asesoramento social está destinada á poboación galega, e en especial ás persoas maiores de orixe galega ou descendentes destas ata o segundo grao de consanguinidade, con nacionalidade española e residentes na área de Caracas, así como ás que non dispoñan da adecuada cobertura de asistencia sanitaria ou asistencial ou se atopen en situación de risco de desprotección social.

As persoas destinatarias serán as que conforman a colectividade galega, con nacionalidade española, residentes en Caracas ou na súa contorna, ás que están dirixidos os programas e actividades que executa a Secretaría Xeral da Emigración, así como aquelas de orixe galego que non dispoñan de adecuada cobertura de asistencia asistencial, sanitaria ou se atopen en situación de risco de desprotección social.

Terceira.- Obrigas das partes

1. A Hermandad Gallega de Venezuela comprométese a:

- Situar a oficina de información e asesoramento social nun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións, nun local idóneo e habilitado para estes fins, que deberá contar co persoal especializado necesario, con liña telefónica e acceso a internet.
- Poñer ao dispor do persoal encargado de realizar as funcións propias desta colaboración o material e o equipamento suficientes para desenvolver as súas tarefas, así como satisfacer as necesidades de desprazamento ou axudas de custo as que houberse lugar.
- Poñer ao dispor da poboación galega un acceso á páxina *web* da Secretaría Xeral da Emigración, así como a outras páxinas de interese.
- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de actividades e programas de interese xeral para a colectividade galega asentada na súa contorna e, en particular, dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración.
- Facilitar ás persoas máis necesitadas a tramitación ou consecución da documentación relacionada coa tramitación de solicitudes dos programas da Secretaría Xeral da Emigración.



- Promover a identificación daquelas persoas de orixe galega e con nacionalidade española que, carentes de recursos, poidan quedar en grave risco de desprotección mediante os oportunos informes dos traballadores e das traballadoras sociais da entidade que, a través dunha atención social individualizada, exercerán as funcións de avaliación das persoas en situación de carencia.
 - Prestar a axuda de carácter socio- asistencial ou sanitario ás persoas beneficiarias nos termos establecidos neste convenio e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.
 - Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
 - Comunicar de forma inmediata ao órgano concedente a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
 - Remitir á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando esta llo requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
 - Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
 - Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Facer constar a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en toda clase de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, así como os seus correspondentes logotipos.
 - Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
 - Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración obrígase a:
- Achegar o financiamento previsto na cláusula cuarta condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.



Cuarta.- Crédito orzamentario

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de sesenta mil euros (60.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega está destinada ao financiamento dos gastos correntes xerais (tales como teléfono, internet, electricidade ou material de oficina) e do persoal ao servizo da oficina de información e asesoramento social, así como aos orixinados pola axuda socio asistencial ou sanitaria do colectivo obxecto deste convenio.

Quinta.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación establecida na cláusula oitava, de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá, en ningún caso, ser superior ao valor de mercado.

En ningunha circunstancia se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Sexta.- Compatibilidade

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

Sétima.- Pagamento anticipado

Tras a sinatura deste convenio efectuarase un pagamento anticipado de dezaioito mil seiscentos euros (18.600 €), atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O importe restante librarase no momento no que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Por outra banda, á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.



Oitava.- Xustificación e pagamento final

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de outubro de 2026.

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar diante desta consellería, con carácter previo ao pagamento final da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tal fin, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do convenio, asinada polo/a representante legal da entidade.
- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio, asinada polo/a representante da entidade, na que se fará constar os obxectivos acadados, o orzamento total de funcionamento e o número de persoas atendidas, desagregando os datos da oficina de información e asesoramento dos de atención socio asistencial e/ou sanitaria por estar en situación de necesidade.
- Relación clasificada dos gastos correspondentes ás actividades e servizos prestados, con identificación da empresa/entidade emisora e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; en soporte papel e en formato excel, calc ou similar.
- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia de forma total parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): €.
- Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas ou, no seu caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.
- Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considérase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.



- Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas mediante declaración responsable do/da representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e, ademais, deberá conter un selo que deixo constancia do devandito pago ("pagado", "cancelado", "en efectivo"...).
- Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo polo/a representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable na que se indique o lugar no que están depositados os orixinais dos documentos xustificativos dos gastos e do seu pagamento así como o compromiso de presentalos cando sexa requirido polo órgano xestor.
- Para o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.
- Relación das persoas que recibiron atención socio asistencial e/ou sanitaria con cargo a este convenio. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe destas persoas, así como o tipo de prestación efectuada; en soporte papel e en formato excel, calc ou similar.

Antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:


- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.
- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débeda ningunha coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificar o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre que se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

Novena.- Reintegro

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que haxa que minorar ou reintegrar serán os seguintes:



a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

Décima.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Décimo primeira.- Causas de resolución do convenio

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
 - b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordada a súa prórroga
 - c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
 - d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
 - e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
 - f. Calquera outra causa prevista nas leis.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.



A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Con todo, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

Décimo terceira.- Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou con calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Para a execución deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

Décimo cuarta.- Autorización, publicación e rexistro do convenio


A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

Comunicarase a subscrición deste convenio á base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2026, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Décimo sétima.- Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez



O presidente da Hermandad Gallega de Venezuela

Jesús Alberto Bello Couselo

